



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS “O PEIRAO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 31.07.2018 ata o 16.12.2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 14.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” vai desenvolver un proxecto consistente na elaboración de catro vídeos, en lingua galega, cunha duración duns catro minutos cada un para subir as redes sociais, cos seguintes contidos: Artes de arrastre, artes de cerco, artes de palangre e artes menores. O que se baseará nas seguintes accións: Pre-pro e post produción dos videos xunto cunha empresa cualificada; difusión dos videos nas confrarías e lugares onde se poida informar aos interesados; cartas informativas ás asociacións integrantes da federación para promover a actividade; divulgación a través da páxina web oficial da federación e creación dunha canle específica en youtube para subir estes videos con seguimento final do número de descargas.

Os obxectivos a acadar son: renovar os coñecementos adquiridos nos cursos de formación de maneira que poidan lembrar técnicas xa aprendidas polos membros da Federación, promovendo así o relevo xeracional, á vez que se facilita unha formación permanente e continua no sector das redeiras.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplado no Texto Refundido da Lei de Contrato do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

